

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **14 de decembro de 2016** na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

**Vicedecano de Infraestruturas:** Roberto Suárez Brandariz

**Xefe Servizo Conserxaría:** Fernando Eiríz Gallego

**Coordenador Técnico:** Pedro Vega Marcote

**Sector Docentes:**

Ánxela Bugallo Rodríguez

Eva Espiñeira Bellón

Blanca Laffon Lage

Eduardo Pásaro Méndez

Juan Carlos Rivadulla López

Nuria Rebollo Quintela

**Sector Alumnado:**

Estefanía Franco Álvarez

Iván Cao Gaudeoso

Rodrigo Gil Cedillo

Vanessa Pazos Leis

Carolina Val Rey

Lucía Vázquez Ben

Araceli Serantes Pazos desculpa a súa ausencia. Actúa como secretario accidental, o Vicedecano.

Comenza a sesión as 11:30 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día:**

### **PUNTO 1.- Leitura e aprobación, si é o caso, do acta da sesión anterior.**

Toma a palabra o Vicedecano que xustifica a ausencia do decano por problemas de axenda. Como a acta foi enviada a todos os membros do comité coa convocatoria da reunión, e non manifestando estes ningunha objeción, apróbase a mesma por asentimento. A profesora Anxela Bugallo indica algunhas correccións ortográficas de estilo que amablemente aportará ao rematar a reunión.

### **PUNTO 2.- Incorporación de novos membros.**

O vicedecano da a benvida aos novos membros, destacando a presenza de todos os sectores da facultade. No sector de alumnado incorpóranse Estefanía Franco Álvarez, Iván Cao Gaudeoso, Rodrigo Gil Cedillo, Vanessa Pazos Leis, Carolina Val Rey e Lucía

Vázquez Ben. Polo sector de docentes Eva Espiñeira Bellón, Juan Carlos Rivadulla López e Nuria Rebollo Quintela.

### **PUNTO 3.- Informe da memoria presentada diante de GREEN CAMPUS e a súa valoración.**

O Vicedecano dalle a palabra ao Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega para que informe sobre as principais actuacións que se van a levar a cabo para recoller as aportacións feitas polos responsables de Green Campus en relación a concesión Bandeira Verde á nosa facultade. En primeiro lugar a Comisión apunta que se van a realizar as necesarias reunións deste comité para programar e verificar as intervencións que se realicen no centro, comezando na que se celebra hoxe por establecer as correspondentes accións deste trimestre co fin de completar os asuntos que se detallarán a continuación.

Así mesmo outro dos factores que é necesario millorar é conseguir una maior repercusión e implicación da comunidade da facultade, e que se está a facer coas campañas programadas na actualidade e tamén da falta de visibilización na nosa páxina web do programa Green Campus. O problema é xeral na facultade e ten a súa orixe no anticuado do equipo servidor da páxina web. Equipo que está sendo actualizado, polo que a web está en construción actualmente. As previsións apuntan que a finais de xaneiro estará ao día e poderanse ver as melloras acadadas a principios de febreiro en relación a todo a referente a Green Campus.

### **PUNTO 4.- Proposta para realizar una videoconferencia cos responsables de GREEN CAMPUS en febreiro de 2017.**

Segue coa palabra Pedro Vega, explica aos membros do comité dunha reunión prevista cara a febreiro cos responsables de facer a avaliación das actividades realizadas no centro por medio de videoconferencia ou Skype. A data proposta é o 14 de febreiro as doce horas, establecerase a oportuna coordinación da conferencia cos responsables de Green Campus.

Pedro Vega informa das accións que se están levando a cabo na facultade e que permiten completar a memoria do Green Campus:

Na rede de sumistro de auga se fixo o esforzo de colocar difusores en todos os grifos dos baños da facultade, cun aforro estimable en auga.

As novas compras de material eléctrico están sendo con tecnoloxía LED, tal e como suxire tanto o Servizo de Obras da universidade como a OMA.

En canto aos residuos, realizouse una campaña con carteis, anuncios no taboleiro e colocáronse en todas as plantas contenedores para a recollida selectiva de papel. O problema estribaba en que os usuarios das mesmas non respectan esta selección, aparecendo en algúns contenedores outro tipo de residuos según revisión posterior a campaña feita por membros do comité (conserxaría, profesorado e bolseiro da OMA). Proponse como millora as “Isletas de Contenedores de orgánico, inorgánico e papel” que consistirían en ubicar nas diferentes plantas contenedores de distintas cores para a recollida selectiva de residuos, quitando os actuais contenedores, todo elo de acordó coa empresa concesionaria do servizo de limpeza.

Para que esta nova situación sexa mais efectiva se realizará unha actividade práctica no hall da facultade para a recollida dos residuos en colaboración coa OMA e unha

campaña polas clases e nos taboleiros realizada por membros do comité e outros voluntarios, canalizados a través do Facebook, que é una nova ferramenta que se utilizará para dar maior visibilidade ao programa Green Campus, e neste caso concreto en relación a recollida de residuos.

En canto á ambientalización curricular, Pedro Vega informa que ten previsto una reunión cos responsables de curso e coordinadores dos ciclos para analizar o realizado e facer propostas de novas actuacións. Tal como pon de manifestó a memoria presentada o curso pasado as reunión realizadas permitiu explicitar nas guías docentes as competencias e contidos cara a implementar a a sostibilidade nas diferentes materias. Este curso vai mais alá e se van a diseñar actividades interdisciplinares para traballar esta temática nas aulas. A profesora Anxela Bugallo é nomeada como responsable desta actuación polo comité, a proposta de Coordinador Técnico, para que establezca o calendario de reuniónes cos coordinadores e o profesorado para poñer en práctica as medidas necesarias.

Asimesmo comenta que está en contacto coa empresa de Vending para solicitarlles que, na medida do posible, doten as máquinas con material procedente do Comercio Xusto, ou que haxa produtos “sanos” como froitos secos ou fruta pelada.

Intervén o profesor Juan Rivadulla para solicitar a colocación de contenedores en ambos laboratorios de ciencias dado o específico uso dos mesmos.

Outro aspecto a destacar e o feito de informar ao profesorado da posibilidade de que poña una Caixa no seu despacho so para papel, neste sentido a profesora Ánxela Bugallo solicita que se avise ao Servizo de Limpeza para que non retire a Caixa para a selección do papel que ten no seu despacho ata que esté chea, e así tamén facelo o resto do profesorado. Asimesmo, e aproveitando a oportunidade da campaña, propón fomentar o emprego das tazas de porcelana no servizo de cafetería e non os “portátiles” pola dificultade da súa reciclaxe.

Retoma a palabra Pedro Vega para explica-lo traballo do bolseiro Iván Cao: encárgase das ligazóns na rede Facebook e da confección de micro-campañas con distintas finalidades (pegatinas nas mesas de traballo dos estudantes dotadas con luz recordando a necesidade de apagar os interruptores cando rematan o traballo nelas, ou carteis sinalando onde recóllese o aceite usado) e tamén a súa implicación, xunto con outros voluntarios do cuidado dos contenedores de compost.

## **PUNTO 5.- Rolda de intervencións.**

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión as 12.35 horas.



Asdo.: Roberto Suárez Brandariz